



CONCELLO  
DE OUTES

## Concello de Outes

---

### EXPEDIENTE 125/2021

### CONTRATACIÓN DE 6 OPERARIOS DO PROGRAMA DE PEL-REACTIVA CONCELLOS

**D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, na data que figura á marxe, dito a seguinte RESOLUCIÓN:**

Considerando que o Concello de Outes participa no Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña para o ano 2021.

Visto o expediente de selección do persoal incluído na antedito programa e no que constan os informes favorables e preceptivos dos servizos de Intervención e Secretaria municipais,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-0171 do 28 de xuño, motivada pola urxencia e interese económico e social consonte o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases e a convocatoria de selección para a contratación de seis operarios de servizos básicos municipais dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña para o ano 2021, que se relación no Anexo I desta Resolución

**TERCEIRO.-** Publicar as anteditas bases na páxina corporativa municipal [www.outes.gal](http://www.outes.gal), aos efectos de dar publicidade as mesmas.

Outes, na data que figura á marxe.

O alcalde

D. Manuel González López

Ante min, a secretaria

Da. Minia Astray Barca

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

Concello de Outes



**ANEXO I**

**EXPEDIENTE: 125/2021**

**BASES PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL NO MARCO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, DE INTEGRACIÓN LABORAL PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ANUALIDADE DE 2021 (PEL-CONCELLOS)**

**- Expediente 125/2021: Participación no Programa de Integración Laboral (PIL/2021), mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2021 da Deputación da Coruña mediante a contratación de seis operarios de servizos múltiples municipais.**

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal laboral temporal para executar diferentes obras públicas e prestar servizos mínimos municipais, ao abeiro do Programa de integración laboral aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña (Resolución de Presidencia nº 2021/4566, de 10.02.2021, publicada no BOP nº 29, de 12.02.2021), que se concreta na contratación laboral, a tempo completo, de seis operarios de servizos múltiples para brigada municipal de obras e servizos.

**2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Os contratos serán para a realización de servizo determinado, a tempo completo, cunha duración prevista de sete meses.

As contratacións terán carácter laboral temporal de duración determinada, a tempo completo, nas modalidades previstas nos apartados a) e b) do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

Os traballadores terán a categoría laboral de peóns, equivalente ao grupo AP-agrupación profesionais, consonte co establecido na disposición adicional sexta do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e co salario previsto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Outes.



## Concello de Outes

---

### 3. PUBLICIDADE

Esta convocatoria, así como todos aqueles actos derivados do proceso selectivo e necesarios para a tramitación do mesmo, publicarase na páxina web do Concello [www.outes.gal](http://www.outes.gal), e no taboleiro de edictos do concello.

### 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a) Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior de dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse incurso en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.

e) Estar en situación de desemprego e cumprir algunha das condicións sinaladas na cláusula seguinte.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

### 5. DESTINATARIOS.

De conformidade coa Base 2.1.- das Bases que regulan o Programa de integración laboral da Deputación, os posibles aspirantes deberán atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

\* Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

\* Maiores de 45 anos.



## Concello de Outes

---

\* Persoas con discapacidade: que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Acreditación documental: certificado do grao de discapacidade.

\* Persoas desfavorecidas que estean nalguna destas situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental ou monomarental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. Deberá acreditarse cun informe social do concello onde resida.

\* Persoas desempregadas de longa duración. A efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarse coa presentación da tarxeta de demandante de emprego e un informe de vida laboral.

\*Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditado con sentenza xudicial firme e comprobarase de oficio.

Todos os aspirantes deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán xustificar coa solicitude e antes da súa contratación laboral.

### 6. SOLICITUDES

Tal como preve o artigo 7 das bases que rixen o Programa PEL REACTIVA 2021, aprobadas por Resolución núm. 2020/42100, de 18 de decembro, os candidatos/as solicitaranse ao Servizo Público de Emprego (Oficina de Santiago-Norte), que remitirá unha listaxe coas persoas que cumpran cos requisitos esixidos no punto 5 anterior. A antedita listaxe terá a consideración de lista definitiva de aspirantes no proceso de selección, previa aprobación mediante resolución da Alcaldía de Outes.

As persoas aspirantes que figuran na antedita lista de admitidos disporán dun prazo improrrogable de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte á comunicación por parte do Concello de Outes de que figura como aspirante aos postos a contratar, para presentar a documentación necesaria para a valoración da fase de concurso que figura no apartado 7.A) seguinte destas bases.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello, a través da seguinte dirección: <http://outes.sedelectronica.gal> ou ben presencialmente, no rexistro xeral do



## Concello de Outes

---

Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas; ás que achegarán o DNI así como toda a documentación xustificativa dos méritos que aleguen, a non ser que xa estivera en poder do Concello, circunstancia que deberán indicar expresamente na solicitude.

### 7. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

#### 7.A.- FASE DE CONCURSO:

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

##### 7.A.1)- FORMACIÓN

1º. Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, de 0,50 a 1,50 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa con relación ás tarefas do posto convocado:

- ata 500 horas: 0,50 puntos;
- de 501 a 1000 horas: 1 punto;
- máis de 1000 horas: 1,50 puntos.

2º. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo, organizado ou financiado por calquera organismo oficialmente homologado: 0,20 puntos por cada 20 horas formativas. Só se computan os cursos cun mínimo de 20 horas de duración.

A puntuación máxima por este apartado de formación será de 3,00 puntos.

##### 7.A.2)- CARNÉ DE CONDUCIR

A posesión de carné de conducir tipo B: 1,00 punto.

#### 7.B.- FASE DE OPOSICION

##### 7.B.1.- PROBA PRÁCTICA.

Consistirá na realización dunha proba que deberá medir os coñecementos prácticos dos aspirantes, consistente no desenrolo de actividades propias do posto de traballo. Valoraranse aspectos como a rapidez, destreza, coñecemento da materia, resultado final, cumprimento da normativa en prevención de riscos laborais. Dita proba será determinada polo tribunal cualificador inmediatamente antes do inicio do exercicio.



## Concello de Outes

---

O tribunal valorará, especialmente, a práctica dos candidatos coa maquinaria a utilizar para o exercicio das funcións que se lle encomenden, para elo terá en conta a habilidade, velocidade, coñecemento da maquinaria e seguridade no seu uso.

A puntuación máxima por este apartado será de 6,00 puntos; co seguinte desglose:

- .- Manexo e coñecemento de maquinaria: 3 puntos
- .- Rapidez e destreza: 2 puntos
- .- Coñecemento e utilización EPI: 1 punto.

A devandita proba ten carácter obrigatorio é será eliminatoria de tal xeito que os aspirantes que non acaden un mínimo de 3 puntos decaerán do procedemento de selección.

### 7.B.2.- PROBA PRÁCTICA DE COÑECEMENTO DO GALEGO:

Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO e terá carácter eliminatorio, de tal xeito que as persoas que non o superen decaerán do proceso selectivo.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014).

Unha vez rematadas as outras probas da fase de oposición, o Tribunal de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditaran posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba escrita, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento. O exercicio consistirá na tradución dun texto ó idioma galego, no que o aspirante amose o seu coñecemento do mesmo. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 30 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

### 7.C.- ENTREVISTA

---

## Concello de Outes



## Concello de Outes

---

Esta fase terá o carácter de complemento da fase de oposición e consistirá nunha entrevista persoal que versará sobre as funcións a desempeñar, o coñecemento do municipio, a traxectoria laboral, a situación sociolaboral e familiar das persoas aspirantes. A valoración da entrevista persoal non superará os 2,00 puntos, co seguinte desglose:

- Ata o máximo de 1 punto polo coñecemento das funcións a desempeñar e coñecemento do municipio.
- Ata o máximo de 1 punto polos restantes criterios citados a valorar na entrevista.

Solamente accederán a esta fase de entrevista aqueles aspirantes que teñan superado á fase de oposición.

### 8. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal de selección contará cos seguintes membros:

Da. Berta Buján Casanova, traballadora social, D. Andrés Busto Allo, técnico de promoción económica, D. Manuel Rama Dosil, técnico auxiliar de Servizos Sociais, D. José María García Moas e D. Juana Pedrosa Leis, educadora familiar do Concello.

A primeira exercerá como presidenta e a última como secretaria do tribunal. Tódolos membros do mesmo poderán delegar as súas funcións noutros funcionarios/as por causa xustificada.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma. Prevese un máximo de 4 sesións para a realización deste proceso selectivo.

### 9. PUNTUACIÓN FINAL

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso, oposición e a de entrevista persoal.

Rematada a selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello [www.outes.gal](http://www.outes.gal) a relación de aspirantes por orde de puntuación coa correspondente proposta de contratación.



## Concello de Outes

---

Os aspirantes seleccionados deberán xustificar documentalmente, no prazo de cinco días naturais, os requisitos sinalados nos apartados b), d) e e) da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificado médico ou informe de saúde que acredite a dispoñibilidade para o desenvolvemento das tarefas correspondentes do posto.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

c) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada.

### 10. BOLSA DE EMPREGO.

Cos candidatos que superasen este proceso selectivo pero non acadasen a puntuación suficiente para a contratación, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ó longo do período de duración do Programa.

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para contestar ao requerimento e, no seu caso, presentar a correspondente documentación acreditativa para a formalización do contrato.

De non contestar no prazo sinalado, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e pasándose ó seguinte candidato na bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.





## Concello de Outes

---

4) No caso de que no momento do chamamento os aspirantes non teñan a condición de desempregados por ter un contrato de traballo en activo, ocuparán o ultimo lugar da bolsa, o tratarse o PEL-REACTIVA dun programa de inserción laboral para desempregados.

### 11. NORMATIVA APLICABLE

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, polo RD legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias e Convenio para o persoal laboral do Concello de Outes.

### 12. RETRIBUCIÓN.

As retribucións previstas do contrato serán de 1.347,89 €/mes, teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

O contrato formalizaranse por escrito consonte o artigo 6 do RD 2720/1998, do 18 de decembro e nes establecerase un período de proba de 15 días.

### 13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o



## Concello de Outes

---

registro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde

D. Manuel González López

